

**BASES XVI CONCURSO MELLOR XORNALISTA INFANTIL E XUVENIL
(CURSO 2018-2019)**

O programa Prensa-Escuela de La Voz de Galicia, S.A., desenvolto en colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, convoca a décimo sexta edición do Premio Mellor Xornalista Infantil e Xuvenil, do curso 2018-2019.

Obxectivo: O concurso, aberto a toda a comunidade escolar galega, busca que os alumnos, desde educación infantil ata bacharelato e formación profesional, familiarícense coa lectura e o manexo do xornal e desenvolver a súa capacidade de exposición e redacción baseándose en informacións publicadas na edición impresa ou dixital de La Voz de Galicia (Mellor Xornalista Infantil) ou mediante traballos orixinais de elaboración propia (Mellor Xornalista Xuvenil).

CATEGORÍAS

Mellor xornalista infantil

- A. Alumnos de educación infantil, primeiro e segundo de primaria.
- B. Alumnos de terceiro, cuarto, quinto, sexto de primaria e educación especial.
- C.

Mellor xornalista xuvenil

- A. Alumnos de educación secundaria.
- B. Alumnos de bacharelato e formación profesional.

Mellor Xornalista Infantil

Participantes. Nesta categoría poderán participar, individualmente, os alumnos de educación infantil, primaria e especial de calquera centro escolar de Galicia.

Niveis. Establécense dous niveis: un primeiro nivel para os alumnos de educación infantil e primeiro e segundo de primaria; un segundo nivel para os alumnos de terceiro, cuarto, quinto, sexto de primaria e alumnos de educación especial.

Traballo e pautas

- Os alumnos do primeiro nivel deberán realizar un debuxo que ilustre unha noticia publicada no xornal e copiar ou pegar o titular da noticia. O debuxo realizarase a man sobre a maqueta oficial que se pode descargar da páxina web de Prensa-Escuela (www.prensaescuela.es).

- Os alumnos do segundo nivel deberán seleccionar unha noticia do xornal e escribila libremente, á súa maneira -sen copiala textualmente-, e ilustrala cun debuxo. A redacción da noticia realizarase ben a man, tras imprimir a maqueta oficial do

concurso dispoñible na páxina web de Prensa-Escuela ou ben directamente no computador. O debuxo que ilustrará a información realizarase a man sobre a maqueta.

Criterios de valoración. O xurado terá en conta a orixinalidade e calidade do debuxo, tanto dos alumnos do primeiro como do segundo nivel, e valorará tamén a expresión escrita, a claridade na redacción da noticia e a ortografía dos textos que redacten os alumnos do segundo nivel.

Mellor Xornalista Xuvenil

Participantes. Nesta categoría poderán participar alumnos de educación secundaria obrigatoria (ESO), bacharelato e formación profesional de calquera centro escolar de Galicia.

Niveis. Establécense dous niveis, un para alumnos de ESO e outro para alumnos de bacharelato e formación profesional. Os alumnos de ESO poderán participar na modalidade de entrevista. Os alumnos de bacharelato e FP participarán na modalidade de artigo.

Pautas para os alumnos de ESO

Os participantes realizarán un traballo orixinal, de forma individual, que deberá consistir nunha entrevista a unha persoa que o alumno considere de interese. Constará, como mínimo, de oito preguntas e irá acompañada dunha fotografía e do perfil do entrevistado.

Para o desenvolvemento do traballo atoparán material de apoio na páxina web de Prensa-Escuela.

Pautas para os alumnos de bacharelato e FP

Os participantes realizarán un traballo orixinal, de forma individual, que deberá consistir na redacción dun artigo xornalístico sobre un tema de libre elección. Para o desenvolvemento do traballo atoparán material de apoio na páxina web de Prensa-Escuela.

Presentación. Os contidos elaboraranse no computador, directamente sobre as maquetas oficiais (unha por cada modalidade) colgadas na web de Prensa-Escuela, aténdose rigorosamente ás instrucións que figuran nelas.

Criterios de valoración. Avaliarase o interese dos traballos, o estilo xornalístico, a corrección gramatical e a presentación da páxina.

En ambas as categorías, a infantil e a xuvenil, os profesores deberán coordinar e revisar o traballo dos alumnos, ademais de orientalos na súa elaboración. Os docentes responsabilizaranse da autoría real e orixinalidade dos traballos que se presenten a concurso e, así mesmo, velarán por que o seu contido non sexa ilícito, ofensivo ou discriminatorio, nin lesione bens ou dereitos, incluídos dereitos de imaxe, de terceiros.

IDIOMA

Os traballos poderán presentarse en castelán ou galego.

PRAZO E ENVÍO DE TRABALLOS

Os traballos deberán ser remitidos, antes do 30 de abril do 2019, á seguinte dirección:

Premio Mellor Xornalista Infantil e Xuvenil

Programa Prensa-Escola. La Voz de Galicia

Avenida da Prensa, 84-85

Polígono Industrial de Sabón

15143 Arteixo. A Coruña

Tamén poderán entregarse persoalmente en calquera das delegacións de La Voz de Galicia.

Na maqueta que conteña o traballo cumprimentaranse os datos do autor, os do profesor responsable da supervisión do traballo e os do centro de ensino ao que pertencen ambos.

Os participantes menores de 14 anos deberán cumprimentar así mesmo a autorización que se incorpora ás bases e remitila xunto co traballo (se é posible grampada) por correo postal, debidamente asinada polos seus pais ou titores legais, á dirección indicada anteriormente.

XURADO

A valoración dos traballos correrá a cargo dun xurado integrado por xornalistas e pedagogos, cuxa composición se comunicará oportunamente.

PREMIOS

Ao alumno

Categoría Infantil A

1.º premio: unha fin de semana no Parque Warner (Madrid) para catro persoas (inclúe voos Coruña-Madrid-Coruña, estancia de dúas noites de hotel en réxime de aloxamento e almuerzo e entradas ao Parque Warner). A validez do premio é de 6 meses, excluindo datas consideradas de tempada alta e suxeito a dispoñibilidade.

2.º premio: unha cámara de fotos dixital.

3.º premio: un reprodutor MP4.

Categoría Infantil B

1.º premio: unha fin de semana en Port Aventura (Tarragona) para catro persoas (inclúe voos Santiago-Barcelona-Santiago, estancia de dúas noites de hotel en réxime de aloxamento e almorzo e entradas ao Parque Port Aventura). A validez do premio é de 6 meses, excluindo datas consideradas de tempada alta e suxeito a dispoñibilidade.

2.º premio: unha cámara de fotos dixital.

3.º premio: un reprodutor MP4.

Ao alumno

Categoría Xuvenil A

1.º premio: unha fin de semana en Londres para catro persoas (inclúe voos Coruña-Londres-Coruña, traslados aeroporto/hotel/aeroporto e estancia de dúas noites de hotel en réxime de aloxamento con almorzo en cuarto cuádruplo). A validez do premio é de 6 meses, excluindo datas consideradas de tempada alta e suxeito a dispoñibilidade.

2.º premio: un libro electrónico.

3.º premio: un altofalante inalámbrico.

Categoría Xuvenil B

1.º premio: unha fin de semana en Londres para catro persoas (inclúe voos Coruña-Londres-Coruña, traslados aeroporto/hotel/aeroporto e estancia de dúas noites de hotel en réxime de aloxamento con almorzo). A validez do premio é de 6 meses, excluindo datas consideradas de tempada alta e suxeito a dispoñibilidade.

2.º premio: unha pulseira de actividade.

3.º premio: unha cámara deportiva.

Ao profesor

Os docentes responsables dos traballos gañadores de cada categoría recibirán como galardón unha barra de son con Bluetooth.

Os premios son persoais e intransferibles xa que non poderán trocarse por outro premio ou o seu contravalor en metálico. Todos os premios estarán suxeitos á lexislación fiscal vixente e, en particular, á normativa vixente en materia de retencións e pagos a conta.

FALLO

O fallo do xurado será inapelable e os premios non poderán ser declarados desertos. Os premios entregaranse nun acto que se celebrará a final de curso. Con carácter previo, nunha data aínda por determinar, comunicarase o fallo do xurado, que se publicará no suplemento A Voz da Escola do xornal La Voz de Galicia e na páxina web de Prensa-Escola.

DEREITOS SOBRE OS TRABALLOS

O feito de participar no concurso implica a cesión en exclusiva polos autores a La Voz de Galicia, S.A. dos dereitos de explotación sobre os traballos, incluíndo os dereitos de reprodución, recompilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máximo prazo de tempo que recoñece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte, incluído Internet.

A organización do concurso non devolverá os traballos orixinais.

PROTECCIÓN DE DATOS

Infórmase de que o responsable do tratamento dos datos dos participantes no Concurso Mellor Xornalista Infantil e Xuvenil Prensa-Escuela 2018/2019, os dos seus profesores e os dos pais ou titores legais que autorizan a súa participación é La Voz de Galicia, S.A., con dirección postal en Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), teléfono: 981180180* e correo electrónico: lopd@lavo.es. La Voz de Galicia, S.A. ten designado un Delegado de Protección de datos, con correo electrónico: dpo@lavo.es.

Para a participación no concurso os participantes, os seus profesores e, no seu caso, os seus representantes deberán achegar os datos que se indican nas maquetas (e, no seu caso, autorizacións) correspondentes. Os datos requiridos son necesarios para a súa inclusión no concurso, en caso contrario non poderemos atender a solicitude.

La Voz de Galicia, S.A. tratará os datos dos participantes, dos seus profesores e, no seu caso, dos seus representantes, para a xestión e organización do concurso, sendo a base legal para o tratamento destes datos a execución da relación contractual cos participantes.

La Voz de Galicia, S.A. cederá os datos á Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, entidade colaboradora de La Voz de Galicia, S.A. no desenvolvemento do concurso.

O nome e a imaxe dos concursantes e dos seus profesores, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo La Voz de Galicia, S.A., sempre que dita comunicación pública estea relacionada coa súa participación no concurso ou coa publicación dos seus traballos -salvo que o autor solicite calquera modificación con arranxo á normativa vixente-.

Salvando o anterior, non se realizarán cesións de datos persoais a terceiros, excepto no caso de que exista unha obriga legal. Así mesmo poderán ter acceso a datos persoais os provedores (encargados do tratamento) de La Voz de Galicia, S.A. que necesiten acceder a datos para a prestación de servizos contratada que, a título enunciativo e non limitativo, prestan servizos nos sectores de servizos administrativos,

xestión de sitios web; os provedores utilizarán os datos unicamente para a prestación do servizo e conforme ás instrucións de La Voz de Galicia, S.A..

Pode pedir máis información a través de lopd@lavo.es.

Os datos conservaranse mentres sexan necesarios para os fins para os que se solicitaron, e durante os prazos de prescrición previstos.

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e, no seu caso, portabilidade dos seus datos persoais, así como de oposición e limitación ao tratamento dos seus datos, dirixíndose a La Voz de Galicia, S.A. a través da dirección de correo electrónico lopd@lavo.es, ou na seguinte dirección: La Voz de Galicia, S.A. – Protección de datos, Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), indicando os detalles correspondentes á súa solicitude e acreditando debidamente a súa identidade (e, no seu caso, representación).

Infórmase así mesmo ao participante de que ten dereito a obter información sobre o exercicio dos seus dereitos e/ou presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

ACEPTACIÓN

A participación no concurso supón a plena aceptación destas bases así como a submisión expresa ás decisións que puidese adoptar a organización do concurso a efectos da interpretación ou resolución de cuestións non recollidas nelas.

PROGRAMA
PRENSA-ESCUELA

La Voz de Galicia

D./Dña.....maior de idade, con N.I. F. número, domicilio en.....e teléfono de contacto.....en calidade de representante legal do menor

AUTORIZA

A participación do menor arriba citado no concurso Mellor Xornalista Infantil e Xuvenil Prensa-Escuela 2018/2019, de acordo ás bases do devandito concurso e, en particular, consente a incorporación tanto dos datos propios como dos datos do menor (nome e apelidos, idade, centro escolar, e-mail e teléfono) a un ficheiro propiedade de LA VOZ DE GALICIA, S.A., que tratará devanditos datos coa finalidade de organizar e xestionar o certame, e cuxa dirección a efectos do exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, oposición e limitación é a seguinte: La Voz de Galicia, S.A., Avenida da Prensa, parcelas 84-85, Polígono de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña).

Así mesmo, autoriza a comunicación pública do nome e a imaxe do menor, así como o nome do centro ao que pertence, nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo La Voz de Galicia, S.A., sempre que dita comunicación pública estea relacionada coa súa participación no concurso ou coa publicación do seu traballo -salvo que solicite calquera modificación con arranxo á normativa vixente-.

As referidas bases, incluíndo a política de protección de datos de La Voz de Galicia, S.A., figuran en www.prensaescuela.es.

E para que conste para todos os efectos, asino a presente autorización.

En, a de de 2019

Fdo./